

## PROCEDIMENTO PARA A SELECCIÓN DAS AULAS PILOTO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO CeMIT-Innova 2016

O desenvolvemento da II edición do proxecto *CeMIT-Innova* para o fomento da Innovación Social Dixital en Galicia, liderado pola Axencia para a Modernización Dixital de Galicia –Amtega, levará a cabo , durante o ano 2016, en 10 aulas da rede CeMIT, seleccionadas como **aulas piloto**, de acordo ao seguinte procedemento:

1. **É requisito fundamental, para optar á consideración de aula piloto, a participación da aula**, a través do seu responsable (dinamizador/a e/ou responsable municipal da aula) **no encontro que terá lugar o próximo 15 de marzo en Santiago de Compostela**, no auditorio da Biblioteca da Cidade de a Cultura, ([ver axenda](#))
2. O **prazo** de presentación de solicitudes de participación permanecerá aberto desde o próximo 15 **de Marzo, ata o 15 de abril de 2016**.
3. Las aulas interesadas deberán presentar unha **solicitud de participación no proxecto CeMIT- Innova** ([accede ao formulario](#)) na que se describan:
  - o proxecto de innovación social dixital a desenvolver, identificando o **desafío social** definido como foco do proxecto
  - a relación de **entidades** que participarán como **aliadas** do proxecto
  - **colectivos destinatarios** do proxecto, a implementar na súa contorna local.
4. Amtega levará a cabo a revisión das solicitudes presentadas, elaborando un **listado provisional con aquelas aulas que cumpran cos 2 primeiros requisitos antes sinalados** e unha vez avaliados o s proxectos presentados.

Á lista provisional **aplicaranse os seguintes criterios correctores a fin de obter a lista definitiva:**

- asegurarse a representación entre os pilotos das catro provincias galegas;
- entre as aulas piloto haberá polo menos:
  - 1 aula de núcleo de poboación maior a 20.000 habitantes
  - 1 aula de núcleo de poboación menor a 5.000 habitantes
  - 1 aula de contorna rural
  - 1 aula de contorna costeira
- Se terá en conta o nivel de actividade da aula a partir dos datos datados a 31 de decembro de 2015.